

# ANGÉLICA (UNA TRAGEDIA)

[Manuel Fernández-Valdés, 2016]

# 289

ESTREA EN NUMAX: 29.09.2017 | V.O. | +16

*Angélica [Una tragedia]* (2016, 83')

**Dirección:** Manuel Fernández-Valdés

**Participación:** Angélica Liddell

**Son:** Ramón Fernández, Fernando Carmena Barrachina, Álex F. Capilla, Sergio Testón

**Montaxe:** Manuel Fernández-Valdés

**Fotografía:** Manuel Fernández-Valdés

**Produtoras:** Ordenpropia (España)

**Distribuidora:** Ordenpropia

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.77:1

**Idioma orixinal:** Español

## FILMOGRAFÍA

*Fraga y Fidel sin embargo*, 2012

*Manuel e Elisa*, 2008

## PREMIOS E FESTIVAIS

Seleccionado en BAFICI, Doclisboa, OUFF, Festival // Tokyo, DocsBarcelona.

## SINOPSE

Angélica Liddell prepara a súa seguinte obra e Manuel Fernández-Valdés propónse retratala nun filme. Liddell converteuse nunha das principais dramaturgas europeas cun teatro autobiográfico no que expón a súa dor máis íntima. Unha decisión que afecta á esencia da súa maneira de traballar e a todas as persoas que traballan con ela. Cada cal deberá decidir até onde está disposto a chegar ao seu carón. O director da película non permanecerá alleo á experiencia.

«Unha xoia o filme  
e unha xoia a súa  
protagonista»

Juan Jesús Aznarez, EL PAÍS



# ANGÉLICA (UNA TRAGEDIA)

[Manuel Fernández-Valdés, 2016]

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Un mundo sen dor sería un mundo de imbéciles”

Entrevista con **Angélica Liddell**  
Por Manuel Jabois

**Un dos éxitos do documental é que se puidera ter feito. Vostede está blindada fóra do escenario. Dixo que non ten «nin puta idea» de vivir. Por que aceptou?** Porque Manolo me pasou os seus traballos e gustáronme moitísimo. Porque pensei que aquela aventura cos bailaríns chineses merecía quedar dalgún xeito na memoria. Por outra parte hai persoas que me inspiran confianza. Coas persoas déixome levar por intuicións e Manolo non me defraudou en absoluto. É unha das pouquísimas persoas honestas que coñecín. O que non sabía entón é que Manolo ía descender tanto á intimidade, non sabía que ía facer un retrato tan sumamente próximo. Non puíden vela dun tirón, tiña que lle dar ao stop, angustioume moito, víame absolutamente indefensa. Emocionoume moitísimo o traballo de Manolo, moito, non sei como puido chegar até aí. Non me decatei.

**No filme obsérvase o seu traballo cos actores. Que che interesa deles?** Deben traer algo valioso por si propios sen necesidade de interpretar, algo extraordinario que me serve para expresar unha idea. Aparte diso preciso traballar con persoas ás que podo querer, preciso estar namorada dos meus actores. Cando iso remata deixo de traballar con eles.

**«Ser español é unha lacra», dixo. Mellorou a súa relación co país?** Esa é unha ferida que non se pechará nunca. A familia teatral quíxome facer moito dano. E fíxome, fíxome. Mais a humillación trae como consecuencia a rabia: a rabia é un impulso magnífico para non decaer. Non vou aos teatros como espectadora para non ter que lles ver as caras no patio de butacas. Por outra parte estou encantada e totalmente agradecida, con xente como os das editoriais Uña Rota ou Contintameties. Coidaron o meu traballo, quitáronlle ao teatro esa graxa rancia co seu bo facer, e son españois.

**Veñen de nomear a Alex Rigola director dos Teatros del Canal. Rigola apoiábaa e programábaa nos seus inicios. Volvería por el a España?** Con Rigola continuei a relación fóra de España, na Biennale de Venezia, de maneira que non sería un problema seguir colaborando con el posto que nunca se interrompeu a relación. Mais cando un ten unha ferida co seu país é moi difícil tomar a decisión de volver.

**Vostede revísase? Por exemplo respecto á familia, os sentimentos, a experiencia: cousas das que se afasta, que cuspe.** Non poden revisarse conceptos que proceden dunha lesión de nacemento. Escribín a mesma obra durante 30 anos. É certo que hai sensacións que medran: a decepción, por exemplo. E coa decepción medra a desconfianza e o illamento, e coa soidade medra o medo, e vanse facendo máis patentes no traballo. Tamén hai experiencias que te baten con forza e

moldéante. É certo que no meu traballo hai dúas épocas moi diferenciadas. Unha época na que pensaba que o teatro podía ser político, unha especie de activismo, mais axiña me decatei de que a alma humana non pode ser explicada mediante unha teoría económica. Agora desvinculeime totalmente dese teatro funcional e vivo obsesionada polo invisíbel, por todo aquilo que non podemos explicar. Interésame aquilo que sucede no máis fondo da conciencia, dos nervios, interésame a parte pre-racional como resposta ao racionalismo. Quero devolver ao espectador a intimidade cos seus instintos.

**Un mundo sen dor é un mundo de merda?** Sería un mundo de imbéciles, simplemente. A dor ten que ver co amor, a piedade, a morte, a transcendencia. Ten que ver cos intres fundamentais do home, é algo que nos constrúe, define e funda. Un mundo sen dor é o mundo da publicidade. Imaxine unha vida na que todo foran anuncios publicitarios, sen Eurípides, sen Shakespeare, sen Schopenhauer.

**O proceso de ser en lugar de interpretar, de ser a todas horas e de renunciar ao personaxe, precisa dunha muller durísima.** É certo, o meu traballo nace da unión entre un trastorno real e unha vontade estética e por suposto unha vontade de traballo. Xuro que hai veces que non sei de onde saquei as forzas para estar nun escenario. Si, son un monstro de vontade.

Publicado en [www.elpais.com](http://www.elpais.com)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**El centro del mundo, Angélica Liddell**

La uña rota, 2014

**Ciclo de las resurrecciones, Angélica Liddell**

La uña rota, 2015

**Trilogía del infinito, Angélica Liddell**

La uña rota, 2017

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX